

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO DECRETO 2017-0544 DE DATA 23/22/2017 DE APROBACIÓN DA OFERTA E BASES DE SELECCIÓN DE 2 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESPAZOS DEPORTIVOS E DE LECER, CON MOTIVO DA NOTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA RECIBIDA O 24/11/2017 RECTIFICANDO A RESOLUCIÓN DE DATA 22/11/2017 NO PROCEDIMENTO TR351G 2017/19-5 SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

Con data 24 de novembro de 2017 tivo entrada neste Concello unha notificación da Consellería de Economía, Emprego e Industria advertindo un erro na resolución concesoria de data 22/11/2017, no procedemento TR351G 2017/19-5, e achegando nova resolución concesoria que amplía o prazo de contratación dos traballadores, que establecía como data límite o 07/12/2017, ampliándoo agora ata a data límite do 22/12/2017.

Por este motivo procédese a modificar as datas de presentación de documentación por parte das persoas que se presenten á selección e a data da entrevista, de tal xeito que, onde di:

BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de A Lama, con data límite o 1 de decembro de 2017 (incluído), sendo o horario de presentación de documentación:

- de luns a venres: 09:00-14:00 h.

Quedaría do seguinte xeito:

BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de A Lama, con data límite o 15 de decembro de 2017 (incluído), sendo o horario de presentación de documentación:

- de luns a venres: 09:00-14:00 h.

E onde di:

BASE CUARTA: ENTREVISTA:

A entrevista será o día **4 de decembro de 2017 as 10:00 horas** no Concello.

CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

Quedaría do seguinte xeito:

BASE CUARTA: ENTREVISTA:

A entrevista será o día **19 de decembro de 2017 as 10:00 horas** no Concello.

Todo o demais contido do Decreto 2017-0544 mantén a súa eficacia e permanece sen alterar .

A Lama, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo. Jorge Canda Martínez

Asdo. M^a Jesús Rodríguez Freire

(Documento asinado electrónicamente)